



# Guía para identificar os contidos dunha verdadeira educación afectivo-sexual feminista

En outubro de 2025, o Departament d'Educació da Generalitat de Catalunya lanzou unha consulta pública sobre a súa proposta dun novo modelo de Educación Afectivo-Sexual, despois de varios anos de hexemonía dun modelo totalmente inspirado en formulacións queer, pornificadoras e transxeneristas.

Os contidos e a orientación do novo modelo proposto, así como a apertura do proceso participativo, xeraron de forma inmediata unha reacción de protesta de máis de 40 asociacións e entidades do terceiro sector, todas de orientación queer, contratadas polas administracións case de forma exclusiva ata ese momento. En dous comunicados esixían á administración a paralización da consulta e a revogación da nova proposta, así como o mantemento do modelo anterior. Pola nosa banda, Docentes Feministas pola Coeducación e Feministes de Catalunya unímonos para promover activamente a consulta e a valoración positiva da proposta do Departament d'Educació tras a súa análise.

Esta Guía é froito de dous traballos consecutivos. Por unha banda, do documento posto á disposición da cidadanía para expoñer de forma clara e fundamentada as bases da Educación Afectivo-Sexual feminista e desvelar, por contraste, os contidos reais pornificadores e transxeneristas. E, pola outra, os resultados da investigación-acción publicada no artigo de Nadia Ahufinger e Silvia Carrasco (2025) *Por que o porno prexudica a todo o mundo? Leccións dun obradoiro con estudantes de ESO*.

<https://revistas.udc.es/index.php/atl/article/view/arief.2026.11.1.12429>

A continuación, detállanse trinta puntos clave que debe cumprir a Educación Afectivo-Sexual, cubrindo sete dimensións psicopedagóxicas esenciais, e inclúese un cadro comparativo de síntese entre a chamada Educación Sexual Integral queer e a Educación Afectivo-Sexual feminista que permiten avaliar as propostas que seguen chegando aos centros educativos por parte das administracións e das asociacións.

É moi importante poder contrastar os aspectos e contidos máis alá de folletos e webs das asociacións e entidades, xa que adoitan impedir coñecer os contidos e as orientacións reais dos obradoiros que se ofrecen ao alumnado, ao profesorado e ás familias.



## Trinta puntos clave para o proceso participativo sobre Educación afectivo-sexual

### I. Marco conceptual e finalidades da Educación afectivo-sexual (EAS)

(Fundamento teórico feminista e obxectivos educativos globais)

1. A educación afectivo-sexual debe formar parte estrutural do proxecto coeducativo de centro e estar orientada á igualdade real entre mulleres e homes, en coherencia coa Lei estatal 3/2007, de igualdade efectiva entre mulleres e homes, e as leis de igualdade autonómicas.
2. O fundamento teórico debe basearse no feminismo, abolicionista da prostitución, que entende o sexo como realidade material e o xénero como sistema de opresión a abolir, non como unha identidade ou expresión privada baseada nos estereotipos sexistas.
3. A EAS debe promover unha sexualidade humana vinculada ao afecto, ao respecto e á reciprocidade, nunca ao consumo nin á mercantilización dos corpos, das persoas.
4. É necesario diferenciar claramente entre Educación afectivo-sexual (EAS) e Educación Sexual Integral (ESI): a primeira enmárcase na coeducación feminista para alcanzar a igualdade; a segunda introduce unha visión queer que substitúe a igualdade entre sexos por unha diversidade de identidades sexuais ficticia.
5. Os obxectivos xenerais da EAS deben ser: garantir relacións igualitarias, previr a violencia sexual, contrarrestar a captación pornográfica e formar ao alumnado na liberdade e responsabilidade afectiva.

### II. Coeducación e perspectiva feminista no sistema educativo

(Aplicación transversal da coeducación e crítica ao androcentrismo)

6. A coeducación debe ser o método pedagógico de base, presente de xeito transversal en todas as materias e actividades do centro.
7. É necesario revisar os materiais e contidos escolares para eliminar o sexismo e o androcentrismo, incorporando referentes femininos en todos os ámbitos do coñecemento.
8. Os centros deben garantir a formación feminista do profesorado para que poida identificar e desmontar as prácticas machistas, estereotipos e desigualdades cotiás.
9. A escola debe dispoñer de espazos e tempos de reflexión sobre o xénero como sistema de opresión, non como experiencia identitaria.



10. O uso da linguaxe debe ser non androcéntrica e non sexista, reflectindo a presenza e a igualdade das mulleres en todos os ámbitos da vida escolar.

### III. Crítica feminista á pornografía e á prostitución

(Eixo de prevención da violencia sexual e a cousificación)

11. A educación afectivo-sexual debe abordar a pornografía como unha forma de violencia sexual filmada, que erotiza a desigualdade e a dominación dos homes sobre as mulleres.
12. Cómpre ensinar ao alumnado a identificar as estratexias de captación da industria pornográfica e prostitucional, que busca captar a mozos como consumidores e a mozas como obxectos de consumo.
13. Os contidos educativos deben mostrar o carácter económico, delituoso e patriarcal do negocio pornográfico e da prostitución, como formas de explotación sexual.
14. Os obradoiros e proxectos escolares deben fomentar o pensamento crítico sobre o porno e a súa influencia nas prácticas sexuais adolescentes, evitando a súa banalización.
15. A EAS debe axudar a entender que a pornografía e a prostitución son incompatibles coa igualdade e o respecto, e que perpetúan o sistema patriarcal de dominación.

### IV. Desenvolvemento afectivo, emocional e sexual saudable

(Acompañamento madurativo e educación para o respecto mutuo)

16. A educación afectivo-sexual debe respectar os ritmos madurativos de cada etapa evolutiva, evitando a hipersexualización precoz e a presión por “render” sexualmente.
17. É necesario fomentar unha sexualidade baseada no desexo mutuo, o consentimento real e a liberdade emocional, non no pracer individual ou na imitación do porno.
18. Os programas de EAS deben desenvolver competencias emocionais para a autoestima, o coidado do propio corpo e a xestión do desexo.
19. Os obradoiros deben incluír a educación na empatía, afectividade e respecto como contrapesos á cultura da pornografía e da violencia simbólica.
20. A educación debe axudar aos mozos a recoñecer a súa responsabilidade na construción dunha masculinidade igualitaria e respectuosa, lonxe da dominación ou a violencia.



## V. Diversidade familiar e ética reprodutiva

21. Cómpre abordar a diversidade familiar desde o respecto aos dereitos humanos e á dignidade das mulleres, recoñecendo a pluralidade de formas familiares (monoparentais, con proxenitores do mesmo sexo, adoptivas ou de acollida), pero sen normalizar prácticas de explotación reprodutiva como os ventres de alugueiro.
22. A “xestación subrogada” non é unha técnica de reprodución asistida, senón unha forma de explotación reprodutiva das mulleres. A escola debe deixar claro que o corpo feminino non pode ser obxecto de contratación nin mercantilización, e que a maternidade non é un servizo, senón un dereito vinculado á dignidade e a liberdade das mulleres.

## VI. Contornas seguras e organización dos centros

(Espazos, linguaxe, interaccións e cultura escolar)

23. Os centros deben garantir espazos seguros e non mixtos para as nenas cando sexa necesario (aseos, vestiarios, obradoiros sobre menstruación ou sexualidade).
24. É necesario deseñar actividades e metodoloxías que promovan a colaboración e non a competición, asegurando a participación equitativa de nenas e nenos.
25. Deben revisarse os usos dos espazos escolares (aulas, patios, laboratorios) para evitar a dominación masculina e garantir a presenza activa das nenas en todas as actividades.
26. Os plans de igualdade de centro deben incluír medidas específicas de prevención da violencia sexual, o acoso e a pornografía dixital.
27. A escola debe ser un espazo de socialización libre de estereotipos, onde os nenos e nenas poidan desenvolver a súa personalidade sen condicións impostas polo sexo.

## VII. Selección de profesionais, materiais e entidades colaboradoras

(Garantía de rigor pedagóxico e ideolóxico)

28. Os obradoiros de EAS deben estar dirixidos exclusivamente por profesionais formados en coeducación, non por entidades queer ou empresas con intereses económicos ou ideolóxicos.
29. Ningún programa educativo debería provir de entidades que promovan a prostitución como “traballo sexual” ou o porno como “educación sexual”.
30. Os materiais audiovisuais e didácticos deben ser revisados para garantir que non promovan discursos pro-porno, queer ou relativistas sobre a violencia sexual.



## Cadro comparativo “EDUCACIÓN SEXUAL INTEGRAL” queer vs EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL feminista

“Educación Sexual Integral” (queer)	Educación Afectivo-Sexual (feminista)
O porno é ficción e pode educar, hai “porno feminista”, serve para saír da rutina sexual.	O porno é violencia sexual filmada, crea adicción e afecta negativamente ao córtex prefrontal e á capacidade de empatizar.
O sexo non é binario, senón un espectro, hai que explorar a propia identidade de xénero e o “sexo sentido” de cada persoa.	A Educación afectivo-sexual é indisoluble da Educación para a igualdade entre mulleres e homes e a protección da infancia.
Todo o mundo ten sexualidade desde a infancia e hai que aprender a descubrir o que proporciona pracer, experimentando entre iguais desde a primeira infancia	Cómpre prestar atención ás etapas madurativas da sexualidade sen mesturalas e acompañar os procesos de descubrimento do propio corpo desde a infancia.
Encaixar ás persoas en heterosexuais ou homosexuais é un “molde represivo”; os xenitais non nos converten só en homes ou mulleres, relaciónámonos como corpos (menstruantes, gestantes, inseminantes, etc.).	Hai que informar e dialogar, desde o acompañamento responsable, o proceso de redescubrimento do propio corpo na puberdade nas mozas e os mozos, cada unha/o ao seu ritmo, desterrando prexuízos sobre orientacións sexuais.
Hai que democratizar a sexualidade. Que haxa idade de consentimento limita o “dereito ao pracer” de todas as persoas.	Débese ensinar a identificar interferencias inapropiadas por parte doutros (abusos) e estratexias de captación pornográfica. Só pode haber consentimento real cando haxa desexo, pero nunca entre persoas en posicións desiguais e nunca para gustar.
As persoas con discapacidade teñen “dereito á asistencia sexual” como un traballo que ofrece un servizo remunerado.	A sexualidade é unha fonte de pracer e saúde, debe basearse no desexo, no respecto, na reciprocidade e na responsabilidade cara ás persoas con quen nos relacionamos.
A prostitución é un traballo como calquera outro, é “traballo sexual” e “sexualidade disidente” contra “imposicións moralistas”.	A pornografía e a prostitución son violencia sexual, forman parte do mesmo negocio criminal e son incompatibles coa igualdade entre mulleres e homes. Intentan captar a mozos como consumidores e a mozas como obxectos de consumo.
Sentir “atracción sexual por menores” (Minor Attracted People) debería considerarse unha orientación sexual máis.	A atracción sexual por menores non é unha orientación sexual, é pederastia e é un delito.
As prácticas BDSM baséanse en acordos entre as persoas que participan nelas libremente.	As prácticas BDSM que se ven no porno inténtanse replicar entre adolescentes, con consecuencias graves para a saúde, sobre todo delas.
A sexualidade non debe estar vinculada á reprodución. A reprodución humana pode realizarse de forma diversa. Considérase que a xestación subrogada é unha forma de diversidade reprodutiva que se pode facer de forma altruísta.	A sexualidade non debe estar vinculada á reprodución. Cómpre coñecer os dereitos sexuais e reprodutivos, métodos de contracepción e técnicas de reprodución asistida, que non se poden basear nunca na explotación das mulleres, nin o uso dos seus corpos.